



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN

CRA RAÍÑA ARAGONTA

&

**SERVIZO DA ATENCIÓN
TEMPERÁ (SAT)**

**DO CONCELLO DE
SALCEDA DE CASELAS.**

Versión: 1.0



**PROTOCOLO
DE
COORDINACIÓN**

CRA RAÍÑA ARAGONTA

&

SERVIZO DA ATENCIÓN

TEMPERÁ (SAT)

**DO CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS.**



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Versión inicial: 1.0 (Decembro 2024)

ÍNDICE

Introdución.....	3
Marco normativo.....	8
Consideracións legais:.....	9
PROTOCOLO DE COORDINACIÓN	11
Anexos.	12



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Introdución

(Extraído do protocolo de coordinación, intervención e derivación interinsitucional en atención temperá)

O Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, expón a necesidade de elaborar unha normativa que permita crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na procura dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos/as nenos/as con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias. Ao mesmo tempo formula a necesidade de regular os servizos de atención temperá como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do/da menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar e calidade.

A creación desta rede supón un paso máis no proceso de consolidación dos recursos de atención temperá actualmente existentes en Galicia e ao mesmo tempo, a través do desenvolvemento normativo correspondente, regularase a integración e a incorporación de novos servizos e programas.

Nesta liña elabórase o presente protocolo de coordinación para a atención temperá de Galicia, co obxectivo de dispor dun instrumento común no traballo que desenvolvan os servizos de atención temperá que integren a Rede galega de atención temperá.

De acordo co establecido na Disposición adicional segunda do citado Decreto 183/2013, establécese un prazo de seis meses para que a Comisión Autonómica de Atención Temperá aprobe, a proposta da Comisión Técnica, un protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional, co obxectivo de establecer a debida coordinación, coherencia e optimización dos servizos dos sistemas sanitario, de educación e de servizos sociais, procurar



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

unha complementariedade das intervencións, evitar a duplicidade de servizos e garantir, en todo caso, un único modelo de intervención. Así mesmo, establece que "o protocolo de coordinación deberá recoller a metodoloxía das actuacións en atención temperá segundo o disposto no artigo 4 deste decreto.

Neste sentido o dito artigo 4 establece que a atención temperá se desenvolve como unha atención especializada, multidisciplinar, e as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipamentos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos, que seguirán un modelo metodolóxico común de actuación:

- a) Detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.
- b) Valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.
- c) Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social, seguindo o modelo conceptual común da CIF-IX (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde). Esta documentación estará incorporada nun expediente único de acordo co disposto na disposición adicional terceira.
- d) Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dun contrato asistencial de actividades e apoios específicos. Que recolla os dereitos e obrigas de ambas as partes, así como os recursos que se porán á disposición do/da menor.
- e) Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.
- f) Autonomía persoal: consideración permanente das persoas destinatarias como suxeitos activos das actuacións que traten de facilitar o seu desenvolvemento persoal.
- g) Atención personalizada: adecuación flexible do servizo ás situacións e necesidades particulares das persoas destinatarias.



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

h) Atención especializada multidisciplinar: as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos multidisciplinares especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos.

Dentro dese marco normativo, e coas finalidades descritas, **adáptase o “protocolo de coordinación, intervención e derivación interinsitucional en atención temperá” á realidade do do concello de Salceda de Caselas e do CRA Raíña Aragonta.**

Preguntas habituais:

Que é a atención temperá?

Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Cal é a clave da atención temperá?

Podemos dicir que a clave está na palabra temperá; canto máis axiña se detecten as posibles dificultades, mellores resultados se poden obter da atención profesional. Así é que as familias deben estar ben informadas sobre o proceso evolutivo normalizado dos seus fillos e fillas, para poder detectar calquera dificultade coa maior prontitude.

Que ofrece a Rede galega de atención temperá?

Nos servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social.

Que son os trastornos do desenvolvemento?

Son situacións nas que, como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, de restricións na participación social ou a causa de factores do contorno, se produce



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

unha desviación ou atraso significativo no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos nos nenos e nenas.

Que se denomina risco de trastorno do desenvolvemento?

Enténdense por situacións de risco de padecer un trastorno no desenvolvemento aquelas circunstancias de vulnerabilidade evolutiva que requiren intervención pola descompensación negativa entre factores de risco e protección.

A quen se dirixe a atención temperá?

Aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situacións de risco de padecelos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás súas familias e ao seu contorno.

Quen desenvolve a atención temperá en Galicia?

A atención temperá en Galicia é unha competencia compartida pola Consellería de Política Social, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que, cos seus equipos de intervención, forman a Rede galega de atención temperá. Esta rede dispón duns equipos interprofesionais que, dependendo do diagnóstico realizado, abordarán o caso desde unha ou outra especialidade do equipo.

Cal é o procedemento para recibir atención temperá?

A familia deberá acudir ao servizo de pediatría do centro de saúde que lle corresponda e informará o pediatra da sospeita de trastorno do desenvolvemento.

Será este profesional quen fará o diagnóstico previo, en función do cal derivará a familia á unidade de atención temperá máis axeitada para o caso.

Quen pode informar dunha sospeita de trastorno do desenvolvemento nun neno?



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Na maioría dos casos son as familias as que presentan a sospeita dun trastorno do desenvolvemento, pero nalgúns casos estas situacións detéctanse nas escolas infantís, nos servizos sociais comunitarios ou mesmo por outra instancia que trata o menor e a súa familia. No caso de que a sospeita se detecte fóra do ámbito familiar, debe informarse a familia e/ou as persoas responsables do neno ou nena para que acudan ao servizo de pediatría, que iniciará o procedemento que corresponda.

A onde debo dirixirme para obter máis información?

Podemos dirixirnos:

Ao servizo de pediatría que, ademais de informarnos, será quen faga a primeira valoración e derivará a familia á unidade de AT que lle corresponda.

Ao profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios do concello de residencia, traballador social municipal, que nos informará do procedemento e dos recursos sociais sobre a situación que se lle formule.

Ao servizo de orientación do centro educativo no que estea matriculado o neno ou nena.



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Marco normativo.

DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Resolución de 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolvela e avaliación anual correspondente ao exercicio 2012 dos resultados de aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Protocolo de coordinación:

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/discapacidade/Protocolo_Atencion_tempera_GAL.pdf



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Consideracións legais:

Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea á Rede galega de atención temperá establece que o seu obxecto é regular atención integral en atención temperá dos órganos da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, e delimitar as competencias de cada un dos órganos e entidades no seu ámbito de actuación (sanitario, educativo e de servizos sociais), así como os mecanismos de coordinación entre eles a través dos órganos colexiados da Rede (...)

O artigo 3 do mesmo Decreto, recolle entre os principios reitores da Rede Galega de atención temperá, o principio de de coordinación nos seguintes termos:

e) Coordinación: o sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais están directamente implicados na protección de menores e deben establecer mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos humanos e económicos, evitando en todo momento a fragmentación que poida darse como consecuencia da intervención de múltiples axentes, entidades ou profesionais, así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/o intervención como obxectivos centrais na coordinación na protección dos/as menores de 6 anos.

Pola súa banda, o artigo 7.2 do referido Decreto dispón:

2. Os/as profesionais dos distintos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais dependentes de órganos e unidades con competencia en relación ao servizo de atención temperá coordinaranse a través dos equipos interdisciplinarios que se determinen na normativa de desenvolvemento deste decreto, co obxectivo de impulsar a integración das actuacións que desde os distintos ámbitos poida necesitar cada neno/a e a súa familia.

Asemade, o artigo 11 do Decreto 183/2013 establece:

O acceso aos servizos dos tres sistemas implicados e as accións que se desenvolverán planificaranse de forma coordinada, de conformidade co protocolo de coordinación, intervención e derivación que se establece na disposición adicional segunda deste decreto, que para ese efecto se estableza e que se adecuará á normativa vixente reguladora dos diferentes



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

procedementos, de maneira que se consiga unha coherencia e optimización deles, procurando unha complementariedade das intervencións desde os tres sistemas, sen que poida producirse en ningún caso unha duplicidade de servizos e garantindo, en todo caso, un único modelo de intervención conforme os principios, metodoloxía e catálogo básico de servizos definidos nos artigos 3 a 6 e na disposición adicional segunda deste decreto. Finalmente, o artigo 12 do mesmo Decreto 183/2013, sinala como causas da finalización dos servizos de atención temperá as seguintes:

Artigo 12. Causas de finalización dos servizos de atención temperá

1. Os servizos de atención temperá finalizarán por algunha das seguintes causas:
 - a) Cumprimento dos obxectivos establecidos, logo de verificación desta circunstancia.
 - b) Facer os 6 anos de idade, sen prexuízo do establecido no artigo 1.2 deste decreto.
 - c) Por vontade expresa do pai, nai ou representante legal.
 - d) Incumprimento das normas establecidas para unha correcta prestación do servizo cando a normativa reguladora da prestación do servizo prevexa a dita sanción.
 - e) Calquera outra causa establecida nunha norma con rango de lei ou decreto.
2. Cando a causa da finalización do servizo de atención temperá sexa a sinalada na letra a) deberase dar trámite de audiencia á familia ou representante legal. (...)

Do exposto anteriormente cabe concluír que os proxenitores dos nenos e nenas usuarios dos servizos da Rede de Atención Temperá poderán solicitar a finalización dos referidos servizos, **pero mentres o/a neno/a se manteña na devandita Rede non depende do consentimento dos proxenitores a comunicación de datos entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e os restantes órganos que integran a Rede de Atención Temperá** xa que a devandita comunicación estaría lexitimada en base ao cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada principalmente na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no referido Decreto 183/2013, do 5 de decembro.



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN

O CRA Raíña Aragonta e o servizo de atención temperá do concello de Salceda de Caselas suscriben o seguinte protocolo de coordinación.

Os profesionais de ambos servizos manterán unha comunicación fluída e coordinarán e informarán ao outro servizo das actuacións e medidas que se estean a levar a cabo cun alumno/a determinado.

Esta comunicación poderá ser polos medios que as coordinacións de ambos servizos acorden para cada curso escolar.

Anualmente, ao inicio de cada curso escolar, estableceranse as reunións necesarias para a correcta aplicación das funcións que cada servizo ten encomendadas e levaranse a cabo cando menos unha reunión ao comezo de curso e outra ao remate do mesmo.

Nas referidas xuntanzas que, prioritariamente serán das dependencias do CRA, poderán acudir aqueles mestres/as que atenden de xeito directo ao alumno/a previa autorización da dirección do centro. Acudirán, sempre conten coa necesaria dispoñibilidade, todos os membros do departamento de orientación.

Ademais do anterior, as coordinacións de ambos servizos poderán manter as reunións entre elas que consideren necesarias, en horario lectivo ou non lectivo, para a correcta aplicación das funcións que teñen encomendadas pola normativa vixente.

As reunións enunciadas nos puntos anteriores teñen carácter confidencial e do seu contido todo o persoal que nelas estea presente se somete ao deber de sixilo. En ningunha circunstancia poderán acudir a estas reunións os familiares dos menores sobre os que se mantén a coordinación nin outros profesionais alleos aos citados servizos.



XUNTA
DE GALICIA

CRA RAÍÑA
ARAGONTA
36024318



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

Anexos.

- Protocolo de solicitude de autorización da flexibilización horaria.
- Información a trasladar dende o SAT ao centro respecto das solicitudes de flexibilización.



Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE FLEXIBILIZACIÓN HORARIA.

Prezadas familias,

A escolarización no segundo ciclo de educación infantil ten, baixo a lexislación vixente no momento de redacción deste documento, carácter voluntario e gratuíta. Polo tanto son os/as proxenitores/as os/as que decidirán sobre se un/unha menor se vai a escolarizar en dito ciclo.

Se dita decisión é positiva, é dicir, optan por que o/a seu/súa fillo/a se escolarice neste ciclo esa decisión conleva a aceptación de participación no centro cumprindo coas normas de organización e funcionamento e coas normas de convivencia que o centro teña establecidas así como a asistencia regular ás actividades lectivas sendo xustificables situacións de enfermidade do/a menor ou análogas e ten obriga de asistir ao centro non atopándose nesas situacións.

Dado que esta asistencia se considera obrigatoria, unha vez se opta pola matriculación do alumno/a no centro, cando se producen situacións nas que o/a alumno/a non vai a acudir ao centro por un tempo determinado nalgún dos días lectivos esta situación debe comunicarse ao servizo de inspección educativa para que dito servizo autorice esta situación.

O procedemento a seguir é o seguinte:

- Presentación, por parte do proxenitores do/a menor, dirixida á dirección do centro da solicitude de flexibilización horaria (modelo adxunto a este documento) no prazo máis curto desde que o/a alumno/a comeza a acudir a dito servizo.
- Adxuntar á solicitude a documentación acreditativa da circunstancia que se expón como xustificación da solicitude.



XUNTA
DE GALICIA

CRA RAÍÑA
ARAGONTA
36024318



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

- A solicitude quedará autorizada se dende o centro non se traslada resposta negativa no prazo dun mes. As ausencias que se produzan para acudir ao servizo solicitado deste/a o/a alumno/a consideraranse xustificadas eximindo á familia da presentación do xustificante que o centro teña establecido.
- A non tramitación do procedemento descrito conlevará que as ausencias non se consideran xustificadas podendo aplicar, de ser o caso, as medidas recollidas no "protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia".

En Salceda de Caselas, a 11 de outubro de 2024



XUNTA
DE GALICIA

CRA RAÍÑA
ARAGONTA
36024318



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Rosalía de Castro, 9. CP 36470 Salceda de Caselas – Pontevedra Tlf: 886 110 175

A/A do CRA Raíña Aragonta

ASUNTO: **Solicitud de flexibilización horaria**

(selo de entrada)

Don/Dona _____ con DNI: _____

como nai/pai/ titor/a legal do/a menor _____

escolarizado no CRA Raíña Aragonta, na aula de _____ no curso escolar
__ / __

SOLICITA:

- Unha flexibilización horario para o presente curso escolar nos días e horas que se especifican no certificado de asistencia do servizo ao que asiste.

Así mesmo, coa presente solicitude manifesto que o/a outro/a proxenitor se atopa informado da presentación desta solicitude e autoriza a súa presentación.

(Exclúense deste punto os/as proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo e con sentenza ou resolución xudicial que afecte á garda e custodia e/ou patria potestade sobre o menor do que se presenta a solicitude).

Asinado:

Salceda de Caselas a ____ de _____ de 20____

Responsable do tratamento:

Finalidades do tratamento:

Lexitimación para o tratamento:

Destinatarios dos datos:

Exercicio dos dereitos:

Contacto delegado/a protección de datos e información adicional:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo centro CRA Raíña Aragonta

Consentimento outorgado polo/a interesado/a.

As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.

Consentimento outorgado polo/a interesado/a. <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



Acordo de xestión de solicitudes.

A xefatura do departamento de orientación e a coordinadora do SAT (servizo de atención temperá) de Salceda de Caselas, reunidos en Salceda á data de sinatura deste documento,

ACORDAN:

1. As familias que comecen a escolarización no CRA (4º) ou se incorporen ao centro en 5º ou 6º e que contén con intervención no SAT que afecte ao horario lectivo do centro **teñen a obriga de solicitar a flexibilización** do horario lectivo. Este proceso contempla a presentación por escrito da solicitude do(s) proxenitor(es) (coa sinatura de ambos en casos de separacións) na secretaría do centro acompañada do certificado expedido polo SAT no que consten os datos do/a alumno/a, o(s) día(s) de intervención e o horario.
2. As familias que houbesen realizado correctamente o trámite anterior e que contén coa autorización para acudir a este servizo non requirirán realizar unha nova solicitude para o curso escolar nos casos que se produzan modificacións no día(s) de atención e/ou no horario. Estas modificacións serán comunicadas por parte da coordinadora do SAT a través de correo electrónico ao centro (cra.raina.aragonta@edu.xunta.gal) no momento en que se realicen. Poderán acumularse nun mesmo email as modificacións efectuadas a varios alumnos/as e comunicar as mesmas ao remate da semana na que se produciu a modificación. Trimestralmente, nas reunións de coordinación entre o centro e o SAT, se valorarán as dificultades que poidan causar os horarios de atención de cada un dos alumnos/as.

En Salceda de Caselas, a 31 de Xaneiro de 2023.